



## O SERGAS NOMEA A FRANCISCO JAVIER PUENTE COMO NOVO RESPONSABLE DA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- ***Conta cunha ampla traxectoria como xestor da sanidade pública e desempeñou diversos cargos directivos na Área Sanitaria de Vigo***

**Vigo, 22 de setembro de 2020-** O Sergas vén de nomear a Francisco Javier Puente Prieto para desempeñar o posto de xerente na Área sanitaria de Vigo, en substitución de Julio García Comesaña.

O novo xerente, que ata o de agora ocupaba o posto de director Asistencial na Área Sanitaria de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras, conta cunha ampla traxectoria como xestor na sanidade pública galega, na que xa ten exercido en distintos postos de responsabilidade na área de Vigo en etapas anteriores.

Puente Prieto é licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela, especialista en dirección estratéxica de hospitais pola Universidade Politécnica de Valencia. Diplomado en Sanidade pola Escola Nacional de Sanidade, posúe o máster de Dirección e Organización de Hospitais e Servizos de Saúde, entre outros.



O novo xerente de Vigo iniciou a súa traxectoria profesional no ámbito da xestión sanitaria como subdirector médico do entón Complexo Cristal-Piñor, para posteriormente ocupar o posto de director médico en 1999. No ano 2000 asumiu a dirección operativa, unha vez integrados os hospitais no CHUO. Con posterioridade, ocupou en 2007 a xerencia do Hospital comarcal de Monforte de Lemos, e a dirección de centros no Chuvi en 2009. A partir de 2012 responsabilizouse da dirección de Procesos Asistencias na Área Sanitaria de Ferrol e, desde 2015 ata 2018, exerceu



como director de Procesos de Soporte na Área Sanitaria de Vigo ata que se trasladou a Ourense.



*O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, acompañado do xerente do Sergas, José Flores, presentaron hoxe ao novo xerente da Área Sanitaria de Vigo*